

REGULAMENTO DE MOBILIDADE INTERNACIONAL DA UNIVERSIDADE DE VIGO

(Aprobado no consello de goberno do 7 de maio de 2013)

(Modificado no consello de goberno de 9 de outubro de 2017, de 28 de xullo de 2020 e de X de X de 2024)

LIMIAR

A Universidade de Vigo defínese como unha universidade con vocación internacional e europeísta facilitándolle a todo o estudiantado e persoal a posibilidade de realizar parte dos seus estudos ou do seu desenvolvemento profesional nunha institución de ensino superior ou outras organizacións e entidades dentro ou fóra da Unión Europea (UE), así como garantíndolle o pleno recoñecemento destas actividades.

Do mesmo xeito, a Universidade de Vigo trata de ofrecer as condicións máis axeitadas para atraer a estudantes, persoal docente e investigador (PDI), e persoal técnico, de xestión e de administración e servizos (PTXAS), de xeito tal que poden levar a cabo parte da súa formación ou seu desenvolvemento profesional na nosa Universidade, ao tempo que contribúen ao desenvolvemento das estratexias de internacionalización na casa do resto da comunidade universitaria.

Como universidade aliñada á Axenda 2030 e institución acreditada e participante no Programa Erasmus+, e en consonancia cos seus Estatutos e o Plan Estratéxico, os principios que guiarán este Regulamento serán os seguintes:

- **Inclusión:** a Universidade de Vigo promove a igualdade de oportunidades de todas as persoas, en especial das máis vulnerables, incluídas aquelas con orixes culturais, sociais e económicos diversas, e as que viven en zonas rurais e remotas. Os nosos programas van máis aló da UE, ao incorporar unha dimensión de cooperación con terceiros países, especialmente os hispanófonos e lusófonos.
- **Dixitalización:** A Universidade de Vigo apoia o desenvolvemento de capacidades dixitais de todas as persoas participantes e o despegue gradual do proceso de dixitalización da xestión da mobilidade, en consonancia coas iniciativas promovidas pola UE.
- **Sostenibilidade:** En consonancia co Pacto Verde Europeo, os nosos

programas promoven o emprego de modos de transporte sostibles. Tamén potencia proxectos que promoven a sensibilización sobre cuestións medioambientais e faciliten os intercambios relacionados coa mitigación da crise climática.

- **Diversificación e intersectorialidade:** Tamén se impulsan actividades e proxectos de mobilidade menos estendidos na nosa institución, tales como: prácticas, estudos de doutoramento, voluntariado, acción social, aprendizaxe-servizo á comunidade, mobilidades intersectoriais (empresas, ONG, etc.).

O presente regulamento ten como obxectivo potenciar a mobilidade internacional das persoas que forman a comunidade universitaria, así como calquera outra actividade vinculada á mobilidade que fomente a internacionalización destas, mediante a creación dun marco normativo de referencia que garanta dereitos e deberes, e que facilite a necesaria coordinación de todas as persoas involucradas, principalmente o estudantado, o PDI e o PTXAS.

Este regulamento estrutúrase en sete capítulos:

- Capítulo I. Disposicións xerais.
- Capítulo II. Da organización da Universidade de Vigo en materia de mobilidade internacional
- Capítulo III. Dos dereitos, das obrigas, dos deberes e dos procedementos de selección do estudantado saínte participante en programas de mobilidade
- Capítulo IV. Do contrato de estudos e do recoñecemento académico
- Capítulo V. Dos dereitos, das obrigas e dos deberes do estudantado internacional entrante
- Capítulos VI. Dos dereitos, das obrigas e dos deberes do persoal docente e investigador participante en programas de mobilidade internacional
- Capítulo VII. Dos dereitos, das obrigas e dos deberes do persoal técnico, de xestión e de administración e servizos participante en programas de mobilidade internacional

Capítulo I. Disposicións xerais

Artigo 1. Obxecto

O presente regulamento ten como obxecto establecer as condicións para participar

nos programas de mobilidade internacional desenvolvidos na Universidade de Vigo, ben por iniciativa propia, ben fronte á participación en programas de mobilidade promovidos por outras institucións, así como os dereitos, os deberes e as obrigas das persoas –estudantado, PDI e PTXAS– participantes nestes programas.

Ademais, inclúese a regulación da libre mobilidade no caso do estudantado saínte e do estudantado internacional visitante, do estudantado internacional en prácticas, do estudantado internacional de curso cero e doutro estudantado internacional que non encaixe nas categorías anteriores.

Artigo 2. Ámbito de aplicación

Este regulamento pódese aplicar ás estadías de mobilidade académica que realicen as persoas que conforman a comunidade universitaria en institucións de ensino superior e noutras entidades doutros países, e ás estadías de mobilidade académica que realicen na Universidade de Vigo o estudantado, o PDI e o PTXAS procedentes doutros países, calquera que sexa o programa, o acordo ou o convenio de intercambio que rexa a súa mobilidade.

Está excluído do ámbito de aplicación do presente regulamento o estudantado internacional ao que se lle aplica a normativa xeral de acceso e os procedementos de admisión establecidos para as titulacións oficiais de grao e posgrao á marxe dos programas, dos acordos ou dos convenios de mobilidade subscritos pola Universidade de Vigo.

Artigo 3. Principios

A mobilidade internacional réxese polos seguintes principios:

- a) a boa fe e a flexibilidade.
- b) a confianza lexítima no cumprimento dos compromisos vinculados ao recoñecemento dos estudos cursados e das actividades realizadas en estadías de mobilidade internacional.
- c) a coordinación e a colaboración dos órganos e das unidades da Universidade de Vigo competentes en materia de mobilidade internacional.
- d) a publicidade, a igualdade, o mérito e a capacidade no acceso aos programas, ás convocatorias e ás axudas á mobilidade.
- e) o respecto e o cumprimento dos acordos interinstitucionais e as normas de funcionamento dos programas que sustentan a mobilidade.

f) a inclusión, a dixitalización, a sostenibilidade, a diversificación e intersectorialidade.

Artigo 4. Competencia para subscribir convenios e acordos de mobilidade internacional

4.1. Do mesmo xeito que o resto de convenios institucionais e de cooperación, os convenios e os acordos internacionais de mobilidade serán subscritos polo reitor ou reitora.

4.2. O reitor ou reitora poderá delegar esta competencia na persoa titular da vicerreitoría con competencias en internacionalización.

4.3. As propostas de novos convenios interinstitucionais dos centros deberán contar co visto e prace da persoa responsable de relacións internacionais do centro correspondente.

Capítulo II. Da organización da Universidade de Vigo en materia de mobilidade internacional

Artigo 5. Da definición estratéxica, dirección e xestión da mobilidade internacional na Universidade de Vigo

5.1. A definición, dirección e xestión da mobilidade na Universidade de Vigo desenvólvese de xeito integral por medio da acción coordinada dos seguintes órganos:

- a) a vicerreitoría con competencias en internacionalización.
- b) a Oficina de Relacións Internacionais (ORI).
- c) a Comisión de Relacións Internacionais (CRI) da Universidade de Vigo.
- d) as persoas responsables das relacións internacionais nos centros e, no seu caso, os titores e titoras e/ou as comisións de mobilidade internacional que se nomeen nos centros.
- e) as áreas de grao e de posgrao e as unidades de apoio a centros e departamentos.

5.2. A vicerreitoría con competencias en internacionalización, como órgano responsable da definición estratéxica e da planificación da política de internacionalización da Universidade de Vigo, encargarse do fomento da participación de todos os membros da comunidade universitaria nos programas de mobilidade internacional e en calquera outra actividade dirixida ao

desenvolvemento da cultura da internacionalización e do europeísmo. Así, asegurárase a presenza da Universidade de Vigo en todos os foros relevantes onde se discutan e definan estes programas, dentro e fóra de España.

5.3. A ORI é unha unidade técnica e administrativa dependente da vicerreitoría con competencias en internacionalización. A xestión e a dirección dos programas de mobilidade internacional é competencia da ORI, sen prexuízo da súa coordinación con outras oficinas e servizos da Universidade de Vigo que desenvolvan programas internacionais no marco das súas competencias.

5.4. A persoa responsable da dirección técnica da ORI será a encargada da coordinación institucional dos programas de mobilidade internacional, e velará polo cumprimento de todas as obrigas e os compromisos asumidos pola Universidade de Vigo en relación cos mesmos.

5.5. A CRI da Universidade de Vigo é un órgano colexiado de tipo consultivo cuxa tarefa fundamental é velar polo desenvolvemento do presente regulamento.

5.6. Cada centro nomeará a unha ou máis persoas responsables das relacións internacionais. Se o centro o estima oportuno, poderá nomear a responsables distintos para a mobilidade entrante e saínte, titores e titoras académicos/as para o estudantado dos programas de mobilidade e establecer unha comisión de mobilidade internacional.

5.7. As áreas de grado e posgrao asistirán o estudantado cos trámites da matrícula en coordinación coa persoa responsable de relacións internacionais do seu centro e coas demais unidades e estruturas da Universidade de Vigo necesarias para que as mobilidades sexan efectivas. As unidades de apoio a centros e departamentos xestionarán e prestarán apoio administrativo á ORI, ás persoas responsables de relacións internacionais nos centros e ás demais unidades e estruturas da Universidade de Vigo necesarias para que as mobilidades sexan efectivas.

Artigo 6. A Comisión de Relacións Internacionais (CRI) da Universidade de Vigo

6.1. A CRI estará integrada por:

- a) o/a vicerreitor ou vicerreitora con competencias en internacionalización, quen actuará como presidente ou presidenta da comisión.
- b) o/a director ou directora de área de internacionalización ou figura equivalente, quen actuará como secretario ou secretaria da CRI.
- c) a persoa responsable da ORI.
- d) cinco persoas responsables das relacións internacionais dos centros da Universidade de Vigo que representen na medida do posible todos os ámbitos e

campus.

- e) a persoa responsable do servizo competente en xestión do estudantado de grao.
- f) a persoa responsable do servizo competente en xestión do estudantado de posgrao.
- g) a persoa responsable do servizo competente en xestión de bolsas.
- h) a persoa responsable da Xerencia.
- i) dous/dúas estudantes.

As persoas representantes da ORI e dos demais servizos competentes incluídos neste artigo poderán delegar a súa asistencia ás xuntanzas da CRI noutras persoas adscritas á citada oficina ou ao servizo cando os asuntos que se vaian tratar así o xustifiquen.

O presidente ou presidenta da Comisión poderá invitar a participar nas reunións da CRI a outras persoas, da Universidade de Vigo ou alleas, cando estea xustificado polos asuntos que se van tratar, quen terán voz pero non voto.

6.2. As funcións son:

- a) participar na definición da política de mobilidade internacional da Universidade de Vigo, establecendo formulacións xerais, o seu alcance e obxectivos, e os mecanismos para poñela en práctica.
- b) estudar de xeito permanente as necesidades e as carencias en materia de mobilidade internacional dos diversos colectivos que conforman a comunidade universitaria.
- c) analizar as propostas, as observacións ou as inquedanzas que en materia de mobilidade internacional poida expor calquera membro da comunidade universitaria.
- d) propor as medidas máis adecuadas a cada situación e a cada colectivo para incrementar as cifras e, sobre todo, a calidade da mobilidade internacional.
- e) impulsar a adopción de medidas ou a creación e a consolidación de estruturas de apoio, que soporten a implantación e o reforzo, de ser o caso, dos programas e doutras actuacións que se leven a termo en materia de mobilidade internacional.
- f) elaborar e elevarlles os informes aos órganos de goberno que así o requiran

sobre asuntos da súa competencia.

g) desenvolver e velar polo cumprimento do presente regulamento.

6.3. A CRI deberá reunirse, polo menos, unha vez ao ano.

6.4. A CRI deberá ter unha composición equilibrada entre homes e mulleres.

6.5. A renovación das persoas que formen esta CRI realizarase cada catro anos, agás no caso das e dos representantes do estudantado, que terá lugar cada dous anos.

6.6. As persoas que formen parte da CRI serán nomeadas polo reitor ou reitora por proposta do Consello de Goberno.

Artigo 7. A xestión da mobilidade internacional nos centros. As persoas responsables de relacións internacionais nos centros e as persoas responsables da titorización académica

7.1. Todos os centros da Universidade de Vigo terán unha normativa de mobilidade internacional propia, onde, sen prexuízo de que se poidan incluír outros asuntos, incluírán os seguintes:

para o estudantado entrante:

- nivel de idiomas que debe acreditar (castelán, galego, inglés, etc.)
- particularidades ou limitacións en relación á selección das materias que se pode incluír nos contratos de estudos.
- cuestións específicas dos Programas Conxuntos de Ensinanzas Oficiais (PCEOS), titulacións conxuntas, dobres titulacións internacionais, etc.

para o estudantado saínte:

- información sobre os cursos/cuadrimestres nos que se recomenda facer as mobilidades.
- criterios sobre a selección do estudantado.
- nivel de idiomas que debe acreditar (tendo en conta o nivel que require a universidade de destino).
- número máximo/mínimo de créditos nos que se pode matricular baixo os programas de mobilidade.
- particularidades ou limitacións en relación á selección das materias que pode incluír nos contratos de estudos.
- criterios sobre as equivalencias de notas.

- cuestións específicas dos PCEOS, titulacións conxuntas, dobres titulacións internacionais, etc.

7.2. A(s) persoa(s) responsable(s) das relacións internacionais en cada centro será(n) responsable(s) da coordinación e do apoio das actividades de formación e docencia no campo das relacións internacionais dese centro, e en concreto da posta en práctica dos programas de mobilidade internacional no seu centro. Serán, ademais, o enlace entre a ORI e o seu centro, e actuarán como persoas de referencia no marco de todos os programas e das accións de mobilidade entrante e saínte e de cooperación internacional do seu centro.

7.3. A(s) persoa(s) responsable(s) das relacións internacionais será(n) parte do equipo directivo do centro ou do PDI a tempo completo con docencia maioritaria no centro, e serán nomeadas polo reitor ou reitora por proposta do decano ou decana, director ou directora ou figura equivalente, do centro correspondente.

7.4. No caso dos estudos de doutoramento, a persoa responsable das relacións internacionais será a persoa coordinadora do programa de doutoramento correspondente e terá as funcións xerais definidas no artigo 8 do presente regulamento, en todo o que se poida aplicar.

7.4. As persoas encargadas da titoría académica (titor ou titora académico/a) serán membros do PDI e estarán encargadas dos aspectos académicos da relación cunha ou varias institucións parceiras.

Artigo 8. Tarefas da(s) persoa(s) responsable(s) das relacións internacionais do centro

8.1. Ademais das que lle poida asignar o centro dentro do seu ámbito de competencias, a(s) persoa(s) responsable(s) das relacións internacionais do centro ten/teñen as seguintes funcións de carácter xeral:

- a) comunicar á ORI calquera entrada ou saída de PDI, PTXAS ou estudantado dentro ou fóra dos programas de mobilidade internacional para que sexa debidamente rexistrada.
- b) actuar como responsable dos convenios de mobilidade asinados na súa área de competencia, así como revisar periodicamente a vixencia e a pertinencia destes, en coordinación coa ORI.
- c) recoller, informar e presentarlle á ORI novas propostas de convenios, acordos e programas de mobilidade promovidos no seu centro.
- d) avaliar a evolución e o funcionamento dos programas de intercambio na

súa área de competencia.

e) garantir a correcta difusión da información que o centro lles ofrezca aos membros da comunidade universitaria participantes en programas de mobilidade internacional, tanto entrantes como saíntes.

f) difundir a información e as novidades que se produzan no ámbito da cooperación internacional educativa e para o desenvolvemento, en coordinación coa ORI.

g) realizar visitas preparatorias para explorar novas posibilidades de cooperación e asistir ás xuntanzas de responsables de relacións internacionais con universidades de fóra do Estado español.

h) ser a persoa interlocutora e atender as visitas das persoas responsables da coordinación da mobilidade dos centros das universidades e institucións de educación superior de fóra do Estado español participantes nos programas de mobilidade do seu centro.

i) asistir e participar nas xuntanzas de persoas responsables de relacións internacionais convocadas pola vicerreitoría competente ou pola ORI.

k) coordinar aos titores/as académicos definidos no artigo 7, nos casos en que se considere oportuno.

l) autorizar a outros membros do persoal docente e investigador do centro a realizar as visitas previstas no apartado g).

8.2. Ademais das tarefas recollidas no punto anterior, a(s) persoa(s) responsable(s) das relacións internacionais do centro ten/teñen as seguintes funcións relacionadas coa atención directa ao estudiantado propio do seu centro, co apoio administrativo da unidade de apoio a centros e departamentos correspondente:

a) difundir e informar sobre as características e a oferta de prazas dentro dos programas de mobilidade internacional, en colaboración coa ORI.

b) proporcionarlle titoría e asesoramento académico ao estudiantado participante nos programas de mobilidade internacional.

c) cando a convocatoria así o prescriba, seleccionar o estudiantado beneficiario das bolsas asociadas aos programas de mobilidade internacional e adxudicar os destinos específicos do centro.

d) asinar o contrato de estudos recollido no capítulo 4 do presente regulamento. No caso de existir unha persoa responsable da titorización académica, esta será a responsable de asesorar o estudantado durante a elaboración do contrato de estudos antes da súa sinatura ou aceptación pola persoa responsable de relacións internacionais do centro.

e) estudar e autorizar as modificacións que se produzan con respecto ao contrato de estudos orixinal para poder elaborar e asinar ou aceptar o contrato de estudos definitivo.

f) converter as cualificacións obtidas na universidade de destino ás equivalentes na Universidade de Vigo e asinar ou confirmar o recoñecemento académico das materias do estudantado da Universidade de Vigo cursadas nun programa de mobilidade ou libre mobilidade.

g) facer o seguimento xeral do estudantado do centro que participe en programas de mobilidade internacional durante a súa estadía na universidade de destino e informar á ORI no caso de detectar incidencias co acordo ou praza correspondente.

h) resolver as renuncias, as prórrogas, os incumprimentos, as ampliacións de estadía e calquera outra incidencia que se produza durante a estadía do estudantado da Universidade de Vigo na universidade de destino, en coordinación coa ORI.

i) dar a súa conformidade ou non conformidade ás solicitudes de libre mobilidade internacional do estudantado do seu centro.

k) colaborar na integración do estudantado entrante na vida do centro e co saínte ao seu retorno.

8.3. A(s) persoa(s) responsable(s) das relacións internacionais do centro ten/teñen as seguintes funcións relacionadas coa atención directa ao estudantado internacional no seu centro:

a) a titoría, asesoramento xeral e aceptación do contrato de estudos para o estudantado internacional participante en programas de mobilidade e visitantes estranxeiros, e asesoramento sobre o proceso de matrícula, en coordinación coa secretaría do centro.

b) a sinatura ou aceptación do contrato de estudos e a documentación de solicitude.

c) o contacto directo e a coordinación coas persoas responsables dos intercambios bilaterais para enviar a información necesaria e resolver problemas concretos.

d) dar a súa conformidade á aceptación do programa de estudos do estudiantado de curso cero internacional.

8.4. A/s persoa/s responsable/s das relacións internacionais do centro ten/teñen as seguintes funcións relacionadas coa mobilidade do PDI do seu centro:

a) aceptar as propostas de mobilidade de PDI que desenvolvan a estadía no seu centro.

b) coordinar os fluxos de mobilidade, co asesoramento da ORI.

c) atender o profesorado visitante, en coordinación cos directores ou directoras dos departamentos responsables das materias en que se inscribe a docencia que o profesorado visitante vén impartir, de ser o caso.

d) informar á ORI sobre todas as estadías do profesorado propio e internacional no marco dos programas de mobilidade internacional.

e) asistir o profesorado propio durante a súa estadía de mobilidade internacional, en coordinación coa ORI.

Artigo 9. Tarefas da persoa encargada da titoría académica relacionadas coa atención directa ao estudiantado

O titor ou titora académico/a ten as seguintes funcións:

a) informar e asesorar o estudiantado de intercambio sobre os estudos que poden realizar na universidade de destino ou na Universidade de Vigo, no caso do estudiantado internacional.

b) revisar, asesorar e, se é o caso, reorientar o contrato de estudos provisional que asinará posteriormente a persoa responsable das relacións internacionais do centro.

c) supervisar o estudiantado saínte mentres dure a súa estadía na universidade de destino.

d) informar e asesorar os órganos colexiados do centro en todo o que estes precisen, así como a persoa responsable das relacións internacionais.

Se nun centro non existe a figura de titor(a) académico/a, estas funcións serán desenvolvidas pola persoa responsable de relacións internacionais.

Artigo 10. A Comisión de Mobilidade Internacional do centro

10.1. Os centros poderán crear unha Comisión de Mobilidade Internacional. Esta comisión é de tipo consultivo e estará presidida polo decano ou decana, ou director ou directora, ou persoa en quen delegue, e estará composta por persoas representantes do PDI, do PTXAS e do estudantado, na forma en que determinen as normativas internas de cada centro. Esta comisión poderá ser convocada facultativamente pola persoa responsable da dirección do centro.

10.2. Son funcións da Comisión de Mobilidade Internacional do centro as seguintes:

- a) asesorar e informar á persoa responsable das relacións internacionais do centro sobre os procedementos de avaliación e cualificación das estadias do estudantado saínte.
- b) facer propostas de mobilidade, como a sinatura de novos acordos ou a modificación dos existentes, no marco de programas de mobilidade internacional en que participe o centro.
- c) informar sobre os procesos de selección do estudantado e sobre a avaliacións das súas estadias.
- d) propoñer os criterios de selección de estudantado saínte ás universidades receptoras.
- e) asesorar á dirección do centro e á persoa responsable das relacións internacionais sobre calquera outro tema relacionado coas relacións internacionais e os programas de mobilidade que se sometan á súa consideración.

Estas funcións poderán ser asumidas por calquera comisión delegada da xunta de centro. Neste caso, a persoa responsable das relacións internacionais será integrante nato/a dela.

Capítulo III. Dos dereitos, das obrigas, dos deberes e dos procedementos de selección do estudantado saínte participante en programas de mobilidade

Artigo 11. Modalidades de estudantado saínte: estudantado de intercambio e estudantado de libre mobilidade

Para os efectos da Universidade de Vigo, o estudantado saínte atoparase nunha das

dúas situacións seguintes:

a) é **estudantado de intercambio** a persoa matriculada en estudos oficiais de grao, mestrado ou doutoramento na Universidade de Vigo que realice unha estadía académica temporal nunha institución de educación superior, nunha empresa ou noutra institución de fóra de España para estudar ou realizar prácticas externas relacionadas coa súa titulación, e sexa adxudicataria dunha praza de mobilidade concedida pola Universidade de Vigo ao abeiro dos programas, dos acordos ou dos convenios subscritos pola Universidade de Vigo. Tamén terá a condición de **estudantado de intercambio**, o estudantado recentemente titulado que realice unha práctica Erasmus+.

b) é **estudantado de libre mobilidade** a persoa matriculada en estudos oficiais de grao ou mestrado que realice unha estadía académica temporal nunha institución de educación superior de fóra de España para levar a cabo estudos relacionados coa súa titulación, sen a concesión dunha praza de mobilidade ao abeiro dos programas, dos acordos ou dos convenios subscritos pola Universidade de Vigo.

Artigo 12. Duración e obxecto da mobilidade

12.1. Os períodos de estudos mínimo e máximo ao abeiro dun programa ou convocatoria de mobilidade serán os que fixe o devandito programa ou convocatoria. No marco de convenios específicos asinados para tal efecto pola Universidade de Vigo, a duración mínima e máxima establecerase no citado convenio.

12.2. Salvo especificación en contra, o estudantado da Universidade de Vigo participante en programas de mobilidade internacional desprázase a un país estranxeiro co gallo de obter un recoñecemento íntegro do devandito período de estudos na Universidade de Vigo, para realizar un traballo fin de grao ou mestrado ou traballo de investigación, ou para realizar o prácticum ou prácticas externas.

12.3. O número máximo de créditos totais obxecto de recoñecemento en programas de intercambio internacionais e nacionais non poderá superar o 50 % dos créditos da titulación. No caso de PCEOS, non poderá superar o 50 % dos créditos de cada titulación que o conforman. Os centros poderán establecer restricións adicionais ao número de créditos de intercambio obxecto de recoñecemento na súa normativa interna de mobilidade, por exemplo no caso de mobilidades no contexto de programas singulares como a Iniciativa de Universidades Europeas ou en titulacións con recoñecemento mutuo de créditos con universidades de fóra de España.

Artigo 13. Dereitos do estudiantado saínte da Universidade de Vigo

O estudiantado saínte da Universidade de Vigo, independentemente da modalidade prevista no artigo 11, terá os dereitos seguintes:

a) a recibir información a través da ORI e a través dos responsables de relacións internacionais e titores/as académicos/a dos seus centros, sobre os asuntos da súa competencia vinculados á mobilidade internacional, incluíndo información sobre as convocatorias, as bolsas, os requisitos e os trámites administrativos necesarios para a adecuada organización e planificación da súa estadía internacional, así como sobre as condicións para o recoñecemento académico dos estudos cursados no centro de fóra de España.

b) a formalizar antes da partida un contrato de estudos ou documento de formalización das prácticas que recolla o programa de estudos previsto e o recoñecemento de créditos co asesoramento da persoa responsable de relacións internacionais do centro, quen deberá asinalo ou aceptalo.

c) a modificar o contrato de estudos, no prazo dun mes a contar dende a data de inicio do período académico (curso, semestre ou cuadrimestre e ao inicio do segundo cuadrimestre para estadías anuais) na institución de destino, no caso de que a oferta académica finalmente dispoñible na institución de destino non coincida coa oferta académica inicialmente prevista ou por inadecuación da escolla inicial, que deberá contar coa sinatura ou aprobación da persoa responsable de relacións internacionais do centro correspondente.

d) a modificar o contrato de prácticas por inadecuación do programa de formación ou por outros motivos xustificadas relacionados co contido ou coa duración das prácticas, que deberá contar coa sinatura ou aprobación da persoa responsable de relacións internacionais ou da titorización das prácticas no centro correspondente.

e) a modificar a matrícula, nos prazos establecidos polo servizo competente en xestión do estudiantado, cando sexa consecuencia da modificación do contrato de estudos e a devolución, de ser o caso, dos prezos públicos correspondentes.

f) ao pleno recoñecemento dos estudos realizados como parte do plan de estudos oficiais, nos termos previstos no contrato de estudos e no artigo 21.3 do presente regulamento.

g) ao recoñecemento dos créditos obtidos pola realización de prácticas

externas en empresas e institucións de fóra de España, nos termos previstos no contrato de prácticas e, de ser o caso, á incorporación das prácticas realizadas no Suplemento Europeo ao Título (SET) e/ou a xeración do documento *Europass Mobility*.

h) a conservar as bolsas e as axudas ao estudo que non sexan incompatibles coa mobilidade e a percibir as axudas económicas para mobilidade que estableza a convocatoria en que se obtivo a praza de intercambio, sempre que se cumpran os requisitos establecidos.

i) a non pagar prezos públicos na universidade de destino, sempre que as condicións do programa de intercambio, ou o acordo ou o convenio asinado entre a Universidade de Vigo e a devandita universidade así o establezan.

j) a incorporarse ás clases con normalidade trala finalización da súa estadía, mesmo se a incorporación se produce con retraso por motivos de falta de coincidencia dos calendarios académicos.

Artigo 14. Obrigas do estudantado saínte da Universidade de Vigo

O estudantado saínte da Universidade de Vigo, independentemente da modalidade prevista no artigo 11, terá as seguintes obrigas:

a) formalizar correctamente e de xeito fidedigno, e presentar no tempo e forma establecidos a documentación esixida tanto pola Universidade de Vigo como pola universidade de destino.

b) matricularse na Universidade de Vigo nas materias, nos cursos e nos créditos propios que consten no contrato de estudos ou na documentación de xestión de prácticas externas e, de ser o caso, na modificación destes.

c) matricularse na universidade de destino seguindo as indicacións desa institución.

d) cumprir co contrato de estudos.

e) facer os pagamentos de prezos públicos correspondentes á matrícula na Universidade de Vigo recollidos no punto 14.b nos prazos que correspondan.

f) comunicar calquera cambio que se produza na situación do estudantado derivado da modificación do contrato de estudos, ao abeiro do procedemento establecido neste regulamento.

g) subscribir un seguro de accidentes, de saúde e/ou de responsabilidade civil que cubra o período da estadía, de conformidade cos termos da convocatoria de mobilidade correspondente e os requisitos da institución ou empresa de acollida.

h) realizar os trámites correspondentes, antes e durante a estadía, para garantir que a situación xurídica do/a estudante no país de destino cumpre todas as esixencias da lexislación vixente no citado país.

i) incorporarse á institución ou á empresa de destino na data establecida, e comunicarlle a citada incorporación á ORI da Universidade de Vigo. Para iso, no prazo establecido na convocatoria correspondente, enviará o certificado de chegada asinado pola institución ou empresa de destino segundo o procedemento indicado na convocatoria.

j) cumprir integramente as normas académicas, éticas e de comportamento da empresa ou da institución de destino.

k) aproveitar, na medida das súas posibilidades, o programa de estudos ou prácticas, que inclúe a súa participación en todos os procesos de avaliación previstos para os cursos, as materias e os créditos recollidos no contrato de estudos ou prácticas.

l) no caso de mobilidade por estudos, comunicar á institución de acollida o nome da persoa responsable de relacións internacionais do seu centro para o envío da certificación académica. No caso de prácticas Erasmus+, o estudiantado deberá solicitar á empresa ou institución receptora que o certificado de estadía sexa enviado á ORI. No caso de prácticas por convenio, este deberá ser enviado á persoa responsable na Universidade de Vigo que será a responsable de solicitar a validación.

O estudiantado de libre mobilidade deberá dispor da aceptación oficial da institución de acollida para realizar os estudos que solicita. A comunicación ou carta de aceptación especificará, en calquera caso, o período e as condicións académicas da estadía. Deberá contar tamén coa conformidade da persoa responsable de relacións internacionais do seu centro.

m) entregar o certificado da fin de estadía no prazo máximo dun mes dende o remate desta, así como de completar e entregar os informes do remate de estadía e de avaliación do/a estudante que requira a ORI ou a normativa vixente do programa correspondente.

O incumprimento de calquera destas obrigas por causas non xustificadas poderá supor o reintegro das axudas concedidas e a perda do dereito ao recoñecemento académico, así como a exclusión en futuros procesos de selección en calquera

programa de mobilidade internacional en que participe ou promova a Universidade de Vigo. As medidas serán acordadas polo órgano competente a través dun procedemento específico.

Artigo 15. Da avaliación dos estudos realizados no centro de destino

O estudantado deberá participar nos procesos de avaliación ordinarios e extraordinarios establecidos pola normativa vixente na institución ou na empresa de destino para as actividades académicas recollidas no contrato de estudos ou prácticas.

Artigo 16. Requisitos xerais para a participación do estudantado da Universidade de Vigo nos programas de mobilidade

16.1. Ademais dos requisitos específicos establecidos en cada convocatoria de mobilidade internacional da Universidade de Vigo, o estudantado que desexe participar nun programa de mobilidade deberá cumprir os seguintes requisitos:

a) estar matriculado/a en estudos de grao, mestrado ou doutoramento conducentes á obtención dun título oficial outorgado pola Universidade de Vigo, no momento da solicitude e no momento da realización da estadía, agás os/as estudantes de prácticas ERASMUS+ extracurriculares, que poderán facer a estadía como xa titulados/as segundo os prazos establecido na convocatoria.

b) ter acreditado o nivel de competencia lingüística que requira a normativa propia do centro correspondente da Universidade de Vigo e a institución de destino, de ser o caso. De tódolos xeitos, recoméndase que todo o estudantado teña, como mínimo, un nivel B1 do idioma de estudo no centro de destino cando sexa distinto ao castelán. Para iso, o estudantado deberá acreditar, consonte a convocatoria de mobilidade correspondente, unha certificación oficial de nivel de idioma requirido polo centro de destino ou superior recoñecida pola Asociación de Centros de Linguas no Ensino Superior, ou polas táboas lingüísticas da CRUE. Tamén serán válidas as certificacións expedidas por Secretaría Xeral da Universidade de Vigo, onde se indique o nivel de idioma alcanzado ao cursar certas materias na Universidade de Vigo.

O estudantado deberá ter en conta que estes requisitos son os esixidos pola Universidade de Vigo para presentarse ás convocatorias de mobilidade. A universidade, empresa ou institución de destino poderá esixir requisitos adicionais, que o estudantado tamén deberá cumprir no prazo establecido pola universidade de destino.

c) o estudantado seleccionado en convocatorias de programas de mobilidade

deberá incluír no contrato de estudos un mínimo de 18 créditos ECTS en mobilidades cuatrimestrais e 36 créditos ECTS en mobilidades anuais matriculados na Universidade de Vigo que lle serán obxecto de recoñecemento. Excepcionalmente, o estudiantado poderá incluír menos créditos cando se cumpra algunha das seguintes situacións:

- a propia normativa da universidade de destino impida unha matrícula de máis créditos ECTS.
- o/a estudante teña unha discapacidade recoñecida de máis do 65 %.
- o/a estudante teña necesidades de apoio educativo e estea adscrito ao Programa de Integración de Universitarios/as con Necesidades Específica (PIUNE), previo informe favorable da Comisión Técnica de Atención á Diversidade (COATEN).
- o/a estudante estea matriculado/a en programas de doutoramento.
- a normativa do centro da Universidade de Vigo o permita.

En todo caso, recomendase a inclusión de 30 créditos ECTS por cuatrimestre e 60 créditos ECTS por curso completo sempre que sexa posible. Poderán incluírse un número de créditos superior sempre que coincida cos matriculados na Universidade de Vigo e que conte coa aceptación da universidade de destino. Os créditos cursados a maiores dos esixidos no grao aparecerán reflexados igualmente no Suplemento Europeo ao Título (SET).

16.2. O **estudiantado de libre mobilidade** definido no artigo 11 do presente regulamento que desexe realizar unha estadía internacional fóra da oferta de prazas de intercambio ao abeiro de programas, acordos e convenios asinados pola Universidade de Vigo deberá cumprir ademais os requisitos seguintes:

- a) dispor dunha carta de aceptación da institución de destino para realizar os estudos que solicita. A devandita carta especificará en calquera caso o período e as condicións académicas da estadía.
- b) contar coa conformidade da persoa responsable das relacións internacionais do centro de orixe a través da sinatura da proposta do contrato de estudos.

Artigo 17. Selección do estudiantado de intercambio propio para participar nos programas de mobilidade de estudos

17.1. A selección do estudiantado de intercambio para participar nos programas de mobilidade farase en cada centro ou na ORI segundo a convocatoria, ao abeiro dun procedemento público de concorrencia competitiva, de conformidade cos

principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

17.2. A Universidade de Vigo publicará anualmente convocatorias para seleccionar estudantado nos distintos programas de mobilidade en que participa. Así, estableceranse datas e prazos de presentación de solicitudes e de selección que serán de obrigado cumprimento.

17.3. Os criterios de selección basearanse fundamentalmente no expediente académico e no coñecemento da lingua do país de destino ou, no seu defecto, da lingua inglesa.

17.4. Os centros poderán definir criterios específicos para as prazas que oferten, garantíndose en calquera caso os principios establecidos no apartado 17.1.

17.5. Os centros seleccionarán ao estudantado e comunicaranllo á ORI nos prazos establecidos nas convocatorias empregando os medios indicados para tal efecto. A ORI publicará as resolucións reitorais de adxudicación de prazas e concesións de bolsas, de ser o caso.

17.6. A adxudicación definitiva das prazas estará condicionada á aceptación por parte do centro de destino.

17.7. Unha vez seleccionado o estudantado, a persoa responsable das relacións internacionais do centro, co asesoramento do/a titor/a académico/a, se procede, e a colaboración da persoa que acadou a praza, asinará ou aceptará o contrato de estudos.

Artigo 18. Solicitud e resolución para o estudantado de libre mobilidade

18.1. O estudantado da Universidade de Vigo que desexe realizar unha estada temporal nunha universidade ou nunha institución doutro país como **estudiante de libre mobilidade** rexerese polas correspondentes disposicións deste regulamento.

Artigo 19. Dos programas de prácticas internacionais

19.1. A vicerreitoría competente en internacionalización publicará, dentro do período que para os efectos se determine, as convocatorias de prazas de mobilidade de prácticas correspondentes aos programas e aos convenios internacionais xestionados pola ORI que inclúan como obxecto este tipo de mobilidade, xunto coas súas bases.

19.2. O estudantado en prácticas terá os dereitos e as obrigas establecidos nos artigos 13 e 14 deste regulamento.

19.3. O estudantado participante nun programa de mobilidade de prácticas internacionais terá que formalizar un acordo de prácticas onde se estableza un

proxecto formativo que inclúa os seus obxectivos educativos e as actividades que se desenvolverán, así como unha descrición das características da práctica que inclúa como mínimo as súas funcións, o período de realización, a duración en horas, o horario, o lugar de traballo e a achega económica ou en especie por parte da empresa ou da institución, de existir esta.

19.4. As prácticas externas realizadas ao abeiro de programas de mobilidade internacional ateranse ao disposto na normativa de prácticas externas correspondente e ás instrucións ditadas para o seu desenvolvemento en todo o non sinalado no presente regulamento.

Artigo 20. Ampliación das estadias

20.1. O estudantado saínte poderá solicitar a autorización da ampliación da estadia, nas condicións que estipule a convocatoria, durante o período lectivo do mesmo curso académico. A autorización, de ser o caso, indicará de forma expresa se se concede ou non unha axuda económica para o período de ampliación.

20.2. A ampliación da estadia só se considerará por causas académicas, como por ter que completar un proceso de avaliación, rematar unha actividade de prácticas nunha empresa, completar un traballo académico ou por outras causas debidamente xustificadas.

20.3. A solicitude de ampliación realizarase na ORI nos prazos establecidos na convocatoria.

20.4. A ORI confirmará de forma expresa se se concede ou non unha axuda económica.

20.5. No caso dos contratos de estudos, unha vez modificados e aceptados polas tres partes implicadas, o estudantado deberá informar á secretaría do centro para facer os cambios pertinentes na súa matrícula.

Capítulo IV. Do contrato de estudos e o recoñecemento académico

Artigo 21. Natureza do recoñecemento dos estudos

21.1. O recoñecemento é un acto administrativo polo que se recoñecen efectos académicos aos estudos universitarios realizados polo estudantado da Universidade de Vigo noutra universidade no marco dun programa de mobilidade internacional, no marco dun convenio de recoñecemento mutuo de estudos asinado para tal efecto ou como consecuencia dun contrato de estudos formalizado por un ou unha estudante de libre mobilidade.

21.2. Todos os membros do estudantado da Universidade de Vigo que realicen

estudos de conformidade co establecido neste regulamento teñen dereito ao pleno recoñecemento académico dos estudos que figuren no contrato de estudos. Serán susceptibles de recoñecemento todas as materias, créditos ou módulos dos plans de estudos oficiais da Universidade de Vigo, con independencia da súa natureza.

21.3. Despois de recibir a conformidade da institución de destino, a correspondencia con créditos da titulación de orixe da Universidade de Vigo que se especificará no contrato de estudos poderá ser:

- a) materia por materia
- b) por curso completo ou cuatrimestre completo
- c) por módulos ou bloques de materias
- d) por conxunto de créditos ECTS

Nos casos b, c e d, todas as materias suxeitas a recoñecemento na Universidade de Vigo dentro do curso, do módulo ou do conxunto de créditos correspondente constarán coa mesma cualificación.

21.4. Para os efectos de recoñecemento terase en conta o valor formativo do conxunto das actividades desenvolvidas e da equivalencia en competencias adquiridas, e os títulos e os temarios das materias ou outros criterios académicos unicamente de xeito accesorio.

21.5. O recoñecemento académico só afectará a materias en que o estudantado se atope matriculado na Universidade de Vigo durante o curso académico en que realice a mobilidade internacional. Os cursos, as materias e os créditos recoñecidos consideraranse superados conforme o plan de estudos que está a cursar o estudantado na Universidade de Vigo.

21.6. O recoñecemento producirá efectos desde a súa resolución e no ano académico da mobilidade internacional. O seu contido incorporárase ao expediente do estudantado e fará mención expresa á universidade de fóra de España ou a empresa ou á institución de destino no caso da mobilidade para a realización de prácticas externas, e ao programa ou ao convenio en virtude do cal se realizou o intercambio.

21.7. As resolucións individuais de recoñecemento corresponderanlles, por delegación do reitor ou reitora, ás persoas responsables da dirección dos centros, tras o informe facultativo da persoa ou da comisión que exerza as funcións das relacións internacionais do centro.

21.8. Os procedementos, condicións e efectos do recoñecemento das prácticas externas realizadas ao abeiro de programas de mobilidade internacional rexeranse polo disposto na normativa de prácticas externas e polas instrucións ditadas para o seu desenvolvemento en todo aquilo non sinalado no presente regulamento.

21.9. A Escola Internacional de Doutoramento (EIDO) regulará o recoñecemento académico do estudiantado de doutoramento que participe en programas ou iniciativas de mobilidade internacional.

Artigo 22. Procedemento de elaboración do contrato de estudos

22.1. Os/as titores/as académicos/as, ou no seu defecto as persoas responsables das relacións internacionais, consensuarán co/coa estudante unha proposta de materias ou créditos que poden cursarse na universidade de acollida e a súa equivalencia con materias ou créditos da Universidade de Vigo, e a citada proposta materializarase mediante un contrato de estudos.

22.2. O contrato de estudos será vinculante unha vez asinado ou aceptado por todas as partes.

22.3. O/a estudante será o/a responsable último/a da elaboración, modificación e validación do contrato de estudos e da súa presentación na área académica a través dos medios estipulados a tal efecto.

22.4. As materias que non figuren no contrato de estudos consideraranse disciplinas que se cursarán na Universidade de Vigo e as súas modificacións rexeranse polas normas xerais de xestión académica. O estudiantado será responsable da correcta matrícula das materias que curse na Universidade de Vigo.

Artigo 23. Procedemento de modificación do contrato de estudos

23.1. Se se considerase necesario durante a estadía na institución de acollida, o estudiantado poderá solicitarlle ao centro correspondente na Universidade de Vigo, a través da persoa responsable das relacións internacionais, a modificación do contrato de estudos.

23.2. Para os efectos de recoñecemento, as modificacións do contrato de estudos, unha vez formalizadas, formarán parte deste e terán carácter vinculante para ambas as partes.

23.3. Antes de formalizar calquera modificación, o estudiantado consensuará a proposta de modificación co titor/a académico/a correspondente, ou no seu defecto coa persoa responsable das relacións internacionais do centro.

A persoa responsable das relacións internacionais do centro autorizará, se procede,

as modificacións do contrato de estudos. O estudantado comunicarallas á secretaría do centro que dará trámite, se fose o caso, aos correspondentes cambios de matrícula. O estudantado terá a responsabilidade última da modificación e validación do contrato de estudos e da súa presentación na área académica a través dos medios estipulados a tal efecto, así como da verificación do seu estado.

23.4. A Universidade de Vigo establecerá anualmente os prazos pertinentes para formalizar as modificacións dos contratos de estudos, que estarán vinculados aos prazos establecidos para modificar as matrículas. Os centros poderán autorizar de xeito extraordinario a modificación dunha matrícula como consecuencia da variación dun contrato de estudos cando, por causas debidamente xustificadas, a citada modificación resultase imposible nos prazos establecidos e sempre que sexa posible administrativamente.

23.5. A ORI solicitaralles aos centros , de ser necesario, a relación de contratos de estudos modificados na forma e nos prazos que estime conveniente.

Artigo 24. Do arquivo dos expedientes

24.1. Os expedientes de mobilidade internacional do estudantado propio de grao e mestrado arquivaranse na área académica de grao ou posgrao do seu centro e incluírán como mínimo:

- a) o contrato de estudos e as súas modificacións, de habelas, que quedarán almacenados no programa de xestión.
- b) as certificacións enviadas pola universidade de destino.
- c) a acta do intercambio feita pola persoa responsable de relacións internacionais, que tamén quedará almacenada no programa de xestión.
- d) no caso de mobilidade internacional de prácticas o contrato de práctica, o certificado de fin de estadía, o certificado expedido pola Secretaría Xeral co visto e prace da ORI, o informe do titor/a da empresa, o informe do/a estudante, do informe do titor/a académico/a e o recoñecemento das prácticas por parte da ORI segundo o tipo de prácticas.

24.2. Os expedientes de intercambio do estudantado de doutoramento arquivaranse na área académica de posgrao á que estea adscrito o programa de doutoramento.

Capítulo V. Dos dereitos, das obrigas e dos deberes do estudantado internacional entrante

Artigo 25. Modalidades de estudantado internacional entrante: estudantado de intercambio, estudantado visitante, estudantado de curso cero, estudantado en prácticas e outro estudantado

Para os efectos da Universidade de Vigo, o estudantado entrante atoparase nunha das situacións seguintes:

- a) considérase **estudiantado internacional de intercambio** todas as persoas que estean matriculadas temporalmente na Universidade de Vigo e que sexan enviadas por outras institucións de educación superior no marco de programas de mobilidade internacional ou de convenios bilaterais asinados para tal fin.
- b) considérase **estudiantado internacional visitante** as persoas que cursan estudos nunha institución de educación superior de fóra de España oficialmente recoñecida e que desexan ampliar a súa formación cursando estudos na Universidade de Vigo. Esta figura do/a **estudiante internacional visitante** non se aplica nin aos procedentes de programas de intercambio, nin a estudantes que cursen estudos no marco de convenios bilaterais entre a Universidade de Vigo e outras institucións de educación superior, nin ao estudantado matriculado como propio da Universidade de Vigo.
- c) considérase **estudiantado internacional de curso cero** as persoas que teñen oficialmente recoñecido o acceso ó sistema universitario español, ou en trámite, que desexen cursar materias impartidas en calquera centro da Universidade de Vigo e/ou estudos de lingua e cultura galega ou española co obxectivo de acadar o nivel lingüístico necesario para cursar estudos universitarios na Universidade de Vigo. Esta figura do/a **estudiante internacional de curso cero** non se aplica nin aos procedentes doutras institucións de educación superior de fóra de España, nin ao estudantado matriculado como propio da Universidade de Vigo.
- d) considérase **estudiantado internacional en prácticas** as persoas enviadas por institucións estranxeiras no marco de programas de intercambio ou dun acordo asinado ao efecto para a realización de prácticas externas nos servizos e dependencias da Universidade de Vigo.
- e) considérase **outro estudantado internacional** o estudantado seleccionado pola súa universidade de orixe para facer unha estadía na Universidade de Vigo e que non se asimila a ningunha das anteriores categorías nin á de investigador visitante.

No caso de que concorran varias das figuras anteriores nunha mesma persoa, e durante o tempo que exista a dita concorrencia, terá prioridade a consideración

do/a estudante como de modalidade a) fronte as modalidades b), c) ou d); de modalidade b) fronte a c) ou d), e de modalidade c) fronte a d).

Artigo 26. Dereitos e obrigas do estudantado internacional

26.1. O estudantado internacional terá, con carácter xeral, os mesmos dereitos e obrigas que o da Universidade de Vigo.

26.2. O **estudiantado internacional en prácticas** terá ademais as obrigas e dereitos do estudantado propio que desenvolve prácticas en servizos e dependencias da Universidade de Vigo que lles sexan de aplicación.

26.3. O **estudiantado internacional de intercambio, visitante, de curso cero ou internacional en prácticas** está incluído na cobertura do seguro de accidentes e de responsabilidade civil da Universidade de Vigo pola actividade académica desenvolvida nas condicións subscritas na correspondente póliza.

26.4. O estudantado internacional non terá dereito ao seguro escolar.

26.5. O estudantado internacional que non estea en posesión da tarxeta sanitaria europea, deberá contratar un seguro médico internacional con calquera compañía de seguros que inclúa cobertura de accidentes ou traslado sanitario internacional, asistencia en viaxes, repatriación en caso de accidente ou enfermidade grave, defunción, ou coberturas análogas. En todo caso, este seguro médico é obrigatorio para o estudantado en prácticas e é recomendable para o resto do estudantado.

Artigo 27. Requisitos de admisión

27.1. O estudantado procedente de institucións doutros países que reúna os requisitos establecidos nos programas ou nos convenios internacionais subscritos pola Universidade de Vigo, e que fose designado para tal fin pola súa universidade de orixe, poderá realizar estadias académicas temporais na Universidade de Vigo para cursar créditos correspondentes ás materias acordadas cos responsables de relacións internacionais tanto do seu centro de orixe como do centro de destino, das que se ofrecen nas ensinanzas oficiais de grao e posgrao, incluídos prácticum, materias prácticas recollidas no plan de estudos, e traballos de fin de grao ou de fin de mestrado, así como estudos de doutoramento.

27.2. En todo caso e coa excepción dos estudantes procedentes de países lusófonos e hispano falantes, o estudantado de mobilidade entrante deberá acreditar na súa solicitude o nivel do idioma requirido polo centro solicitado. Os centros da Universidade de Vigo deberán indicar estes requirimentos na súa normativa propia sobre mobilidade.

27.3. Os/as estudantes procedentes doutros países poderán realizar estadias

académicas temporais en calidade de **estudantado internacional visitante** cando fosen designados/as para tal fin pola súa institución de orixe e fosen aceptados/as como tales pola Universidade de Vigo. Os/as estudantes procedentes doutros países poderán realizar estadias académicas temporais en calidade de **estudantado internacional de curso cero**, por un máximo dun curso académico, cando acrediten estar a cursar de xeito simultáneo estudos de lingua e cultura galega ou española no Centro de Linguas (CdL) da Fundación Universidade de Vigo e fosen aceptados/as como tales pola Universidade de Vigo.

27.4. O estudantado internacional deberá presentar unha solicitude de admisión tras a nominación pola súa institución de orixe nos prazos establecidos. A solicitude deberá vir acompañada de toda a documentación requirida: tarxeta sanitaria e/ou seguro médico, carta de nominación e documento de identidade. No caso de estudantado de mestrado e doutoramento, ademais a solicitude virá acompañada do título de grao/mestrado ou certificación académica. Antes da súa chegada, a ORI expediralle ao **estudantado internacional** un certificado de admisión ou preadmisión ou carta de aceptación na Universidade de Vigo, previa solicitude mediante o procedemento establecido a tal efecto. Unha vez na Universidade de Vigo, o estudantado deberá comunicar e xustificar á ORI a súa data real de chegada e solicitar o certificado de chegada en caso de necesitalo.

27.5. No caso de convenios específicos aplicables a mestrados universitarios, será responsabilidade da coordinación do mestrado garantir a dispoñibilidade de prazos para este estudantado nas mesmas condicións que para o estudantado da Universidade de Vigo, así como a coordinación con outros centros afectados.

27.6. O estudantado internacional que curse os seus estudos noutra institución de fóra de España e estea interesado en realizar unha estadia de prácticas nalgunha das dependencias ou servizos da Universidade de Vigo, solicitará a súa titorización á persoa responsable do servizo, dependencia ou unidade onde desexe realizar as prácticas, identificando como mínimo a súa universidade e os seus estudos de orixe, as datas propostas para a estadia, a temática proposta para as prácticas e o programa ou acordo de mobilidade ao abeiro do cal se realizará a estadia de prácticas. Unha vez obtida a aceptación desta titorización, o estudantado internacional deberá presentar a solicitude específica de prácticas segundo o procedemento establecido pola ORI.

Artigo 28. Procedemento de admisión e matrícula

28.1. A admisión do/a **estudiante internacional de intercambio** realizarase de acordo co disposto nos programas, convenios ou acordos establecidos para tal fin.

28.2. A admisión do/a **estudante internacional visitante, de curso cero e outro estudiantado internacional** realizarase mediante resolución individualizada da persoa titular da vicerreitoría con competencias en internacionalización, por delegación do reitor ou reitora, previo informe da persoa responsable das relacións internacionais do centro de destino, ou da persoa responsable da dirección da Escola Internacional de Doutoramento (EIDO) no caso de estudos de doutoramento.

28.3. O estudiantado seleccionará as materias que poida cursar de conformidade cos requirimentos da súa institución de orixe, orientado pola persoa responsable das relacións internacionais do centro ou polo/a titor/a académico da Universidade de Vigo. O estudiantado de doutoramento acordará o programa de estudos co(a) coordinador(a) do programa de doutoramento correspondente.

28.4. O estudiantado internacional matricularase de todas as materias que cursará na Universidade de Vigo no centro principal de admisión indicado pola ORI na súa carta de aceptación ou, no caso de estudiantado de doutoramento, na área académica de posgrao á que estea adscrito o programa de doutoramento.

28.5. O **estudiantado internacional de intercambio** estará exento de aboar os prezos por servizos académicos correspondentes aos créditos dos que se matricule (prezos públicos) e os prezos establecidos en concepto de servizos administrativos.

O **estudiantado internacional visitante, de curso cero, e outro estudiantado internacional** deberá aboar os prezos públicos, os servizos académicos e de xestión administrativa establecidos para dita modalidade.

28.7. A vicerreitoría con competencias en organización académica habilitará os períodos de matrícula axeitados e informará deles á ORI da Universidade de Vigo.

28.8. O estudiantado internacional admitido para realizar as súas prácticas nas dependencias da Universidade de Vigo deberá tramitar nos prazos establecidos a solicitude que incluíra o documento de formalización das prácticas, que conterá, como mínimo, os datos persoais e da titulación que cursa o/a estudante na institución de orixe, as datas establecidas para a súa estadía, o horario, e o plan formativo. Este documento será elaborado entre o/a estudante, a universidade de orixe e o titor ou titora das prácticas na Universidade de Vigo. Unha vez que dito documento estea asinado por tódalas partes, o estudiantado deberá realizar a solicitude requirida nese momento .

28.9. A ORI poderá requirir á institución de orixe a información sobre os seguros que amparan ao **estudiantado internacional en prácticas** durante a súa estadía.

Artigo 29. Certificación dos estudos realizados

29.1. A área de grao e de posgrao de cada centro expedirá a certificación académica asinada electronicamente que conterà, polo menos, a denominación da materia, o cuadrimestre, a carga lectiva en créditos e as cualificacións ECTS.

29.2. No caso de que o estudiantado internacional realice a súa estadía ao abeiro dun convenio específico de recoñecemento de créditos entre a Universidade de Vigo e a súa universidade de orixe, a devandita certificación académica fará constar de xeito explícito se se ten superados os estudos requiridos para obter a titulación da Universidade de Vigo, segundo o estipule o convenio correspondente.

29.3. Estas certificacións expediranse sen custo ningún para o estudiantado. Ademais, a ORI remitiraas ao enderezo que o estudiantado internacional indique e á institución de orixe.

29.4. A ORI emitirá documentos acreditativos da chegada e fin de estadía do estudiantado recibido se o/a estudante ou a institución de orixe así o solicita. Estes documentos serán remitidos ao enderezo que o estudiantado internacional indique e á institución de orixe e non incluírán cualificacións en ningún caso.

29.5. No caso de estudiantado internacional que realice prácticas na Universidade de Vigo, o certificado de fin de estadía será elaborado polo titor ou titora encargado/a do seguimento das prácticas. O modelo de certificado será o requirido pola universidade de orixe en virtude do programa ou acordo de mobilidade ou tipo de prácticas realizado. No seu defecto, poderase utilizar o modelo de certificado de xestión de prácticas da Universidade de Vigo. Dito documento será enviado á ORI.

Artigo 30. Arquivo dos expedientes do estudiantado internacional

Os expedientes do estudiantado internacional arquivaranse na área de grao e de posgrao do centro principal de admisión indicado pola ORI ou na área académica de posgrao á que estea adscrito o programa de doutoramento, segundo proceda, e constará como mínimo de:

- copia da carta de aceptación ou certificado de admisión
- copia do contrato de estudos asinado por tódalas partes
- copia do pasaporte ou documento de identidade
- certificación académica expedida polo centro

Ademais na ORI, arquivarase:

- copia do pasaporte ou documento de identidade
- copia da tarxeta sanitaria europea e/ou seguro médico
- copia da nominación expedida pola universidade de orixe
- certificación de chegada e de fin de estadía
- certificación académica expedida polo centro
- No caso de estudantado de mestrado ou de doutoramento, copia do seu último certificado académico ou do seu título
- No caso de estudantado de prácticas, o acordo de prácticas asinado por tódalas partes

Capítulo VI. Dos dereitos, das obrigas e dos deberes do persoal docente e investigador participante en programas de mobilidade internacional

Artigo 31. Dereitos do persoal docente e investigador da Universidade de Vigo participante en programas de mobilidade internacional

As persoas que formen parte do PDI participante en programas de mobilidade internacional terán os dereitos seguintes:

- a) a recibir información a través da ORI e das persoas responsables das relacións internacionais dos seus centros sobre as convocatorias, as bolsas, os requisitos e os trámites administrativos necesarios para a adecuada organización e planificación da súa estadía internacional.
- b) a formalizar antes da partida un contrato de mobilidade que recolla o programa de actividades previsto na institución de destino.
- c) a que lles sexan recoñecidas na Universidade de Vigo as actividades desenvolvidas no centro de destino, de acordo co establecido na normativa de recoñecemento das actividades do PDI.
- d) a percibir as axudas económicas para mobilidade que estableza a convocatoria en que se obtivo a praza de mobilidade, sempre que se cumpran os requisitos establecidos.
- e) a estar eximido das taxas e dos prezos por servizos académicos na

institución de destino, sempre que as condicións do programa de intercambio, ou o acordo ou convenio asinado entre a Universidade de Vigo e a citada institución, así o establezan.

Artigo 32. Obrigas do persoal docente e investigador da Universidade de Vigo participante en programas de mobilidade internacional

O PDI participante en programas de mobilidade internacional terá as obrigas seguintes:

- a) formalizar correctamente e de xeito fidedigno, e presentar no tempo e forma establecidos, a documentación esixida tanto pola Universidade de Vigo como pola institución de destino.
- b) solicitar o permiso no correspondente departamento.
- c) comunicar calquera cambio que se produza na situación académica ou laboral que teña incidencia na súa participación na mobilidade.
- d) subscribir, de ser o caso, por requirimento da institución de destino ou da convocatoria, un seguro de accidentes, de saúde e/ou de responsabilidade civil que cubra o período da estadía.
- e) realizar os trámites correspondentes, antes e durante a estadía, para garantir que a situación xurídica do/a participante no país de destino cumpre todas as esixencias da lexislación vixente no dito país.
- f) incorporarse á institución de destino na data establecida.
- g) obedecer integramente as normas na institución de destino.
- h) aproveitar na medida das súas posibilidades o programa de actividades, que inclúe a súa participación en todos os procesos de avaliación previstos.
- k) promover novas iniciativas e acordos de intercambio ou colaboración coa Universidade de Vigo, ou a extensión dos/as existentes, en coordinación coa vicerreitoría con competencias en internacionalización e a persoa responsable das relacións internacionais do seu centro.
- l) entregar o certificado de fin da estadía á ORI no prazo máximo dun mes.
- m) cumprir coas obrigas establecidas en cada convocatoria.

O incumprimento de calquera destas obrigas por causas non xustificadas poderá

supor o reintegro das axudas concedidas e a perda do dereito ao recoñecemento das actividades desenvolvidas, así como a exclusión en futuros procesos de selección en calquera programa de mobilidade internacional en que participe a Universidade de Vigo ou promovidos por esta. As medidas serán acordadas polo reitor ou reitora a proposta da vicerreitoría con competencias en internacionalización, tras a incoación do correspondente expediente contradictorio.

Artigo 33. Requisitos xerais para a participación do persoal docente e investigador da Universidade de Vigo nos programas de mobilidade

Ademais dos requisitos específicos establecidos en cada convocatoria de mobilidade internacional da Universidade de Vigo, o PDI que desexe participar nun programa de mobilidade deberá manter unha relación contractual coa Universidade de Vigo tanto no momento de realización da solicitude como durante o período da estadía.

Artigo 34. Dereitos e obrigas do persoal docente e investigador internacional visitante ao abeiro de acordos e programas de mobilidade internacional

34.1. A aceptación dun membro do PDI internacional para realizar unha estadía na Universidade de Vigo ao abeiro dun programa de mobilidade non suporá, baixo ningún concepto, o recoñecemento de ningún tipo de relación laboral ou académica entre a persoa visitante e a Universidade de Vigo, ou o recoñecemento de dereitos laborais ou académicos de ningún tipo.

34.2. O PDI internacional deberá dispor durante a súa estadía dun seguro sanitario, de accidentes e de responsabilidade civil axeitado ás actividades que se desenvolverán na Universidade de Vigo.

Artigo 35. Requisitos de admisión

35.1. O PDI procedente de institucións doutros países que reúna os requisitos establecidos nos programas ou nos convenios internacionais subscritos pola Universidade de Vigo e que fose designado para tal fin pola súa universidade de orixe, poderá realizar estadias académicas temporais na Universidade de Vigo.

35.2. O PDI procedente de institucións doutros países cubrirá un formulario de rexistro deseñado para tales efectos e achegará a seguinte documentación:

- copia do pasaporte ou documento de identidade
- copia da tarxeta sanitaria europea e/ou seguro de saúde e das súas coberturas

- copia da nominación expedida pola universidade de orixe, de ser necesaria
- carta de invitación expedida polo PDI anfitrión da Universidade de Vigo, de ser necesaria
- programa de traballo ou acordo de mobilidade

35.3. Antes da súa chegada, a ORI expediralle ao PDI internacional un certificado de admisión ou preadmisión ou carta de aceptación na Universidade de Vigo, previa solicitude mediante o procedemento establecido a tal efecto. Unha vez na Universidade de Vigo, o PDI poderá solicitar á ORI o certificado de chegada en caso de necesitalo.

35.4. Con posterioridade á súa aceptación e durante a súa estadía, o PDI entrante deberá cumprir coas bases da convocatoria do programa de intercambio correspondente.

35.5. Como norma xeral e agás que a convocatoria indique outra cousa, a persoa responsable de relacións internacionais do centro será quen firme o certificado da estadía do PDI internacional e remitirá unha copia á ORI.

Capítulo VII. Dos dereitos, das obrigas e dos deberes do persoal técnico, de xestión e de administración e servizos participante en programas de mobilidade internacional

Artigo 36. Dereitos do persoal técnico, de xestión e de administración e servizos da Universidade de Vigo participante en programas de mobilidade internacional

O PTXAS en programas de mobilidade internacional terá os dereitos seguintes:

- a) a recibir información a través da ORI e/ou do servizo de persoal técnico, de xestión e de administración e servizos sobre as convocatorias, as bolsas, os requisitos e os trámites administrativos necesarios para a adecuada organización e planificación da súa estadía internacional.
- b) a formalizar, antes da partida, un contrato de mobilidade que recolla o programa de actividades previsto na institución de destino.
- c) a que lle sexa emitida unha certificación de ter realizada a estadía e a que lle sexan recoñecidas as actividades desenvolvidas no centro de destino, de acordo co establecido polo servizo de persoal técnico, de xestión e de administración e servizos .

d) a percibir as axudas económicas para mobilidade que estableza a convocatoria en que se obtivo a praza de mobilidade, sempre que se cumpran os requisitos establecidos.

e) a estar eximido das taxas e dos prezos por servizos académicos na institución de destino, sempre que as condicións do programa de intercambio, ou o acordo ou convenio asinado entre a Universidade de Vigo e a citada institución, así o establezan.

Artigo 37. Obrigas do persoal técnico, de xestión e de administración e servizos da Universidade de Vigo participante en programas de mobilidade internacional

O PTXAS participante en programas de mobilidade internacional terá as obrigas de:

a) formalizar correctamente e de xeito fidedigno, e presentar no tempo e forma establecidos, a documentación esixida tanto pola Universidade de Vigo como pola institución de destino.

b) obter, con carácter previo ao desprazamento, a preceptiva autorización da Xerencia e co visto e prace da persoa responsable do servizo ou unidade ao que pertenza.

c) comunicar calquera cambio que se produza na súa situación laboral que teña incidencia na súa participación na mobilidade.

d) subscribir, de ser o caso, por requirimento da institución de destino ou da convocatoria, un seguro de accidentes, de saúde e/ou de responsabilidade civil que cubra o período da estadía.

e) realizar os trámites correspondentes, antes e durante a estadía, para garantir que a situación xurídica do participante no país de destino cumpre todas as esixencias da lexislación vixente no dito país.

f) incorporarse á institución de destino na data establecida.

g) cumprir integramente as normas de organización do traballo e de comportamento da institución de destino.

h) aproveitar na medida das súas posibilidades o programa de actividades, incluíndo a súa participación en todos os procesos de avaliación previstos.

k) promover novas iniciativas e acordos de intercambio ou colaboración coa Universidade de Vigo, ou a extensión dos/as existentes, en coordinación coa

vice-reitoría con competencias en internacionalización.

l) entregar un certificado de fin da estadía no prazo máximo dun mes dende o remate desta, así como completar e entregar os informes de fin da estadía que requira a ORI.

m) cumprir coas obrigas establecidas en cada convocatoria.

O incumprimento de calquera destas obrigas por causas non xustificadas poderá supor o reintegro das axudas concedidas e a perda do dereito ao recoñecemento das actividades desenvolvidas, así como a exclusión en futuros procesos de selección en calquera programa de mobilidade internacional en que participe a Universidade de Vigo ou promovido por esta. As medidas serán acordadas polo reitor ou reitora a proposta da vice-reitoría con competencias en internacionalización, tras a incoación do correspondente expediente contradictorio.

Artigo 38. Requisitos xerais para a participación do persoal técnico, de xestión e de administración e servizos da Universidade de Vigo nos programas de mobilidade

Ademais dos requisitos específicos establecidos en cada convocatoria de mobilidade internacional da Universidade de Vigo, o PTXAS que desexe participar nun programa de mobilidade deberá manter unha relación contractual coa Universidade de Vigo tanto no momento de realización da solicitude como durante o período da estadía.

Artigo 39. Dereitos e obrigas do persoal técnico, de xestión e de administración e servizos internacional visitante ao abeiro de acordos e programas de mobilidade internacional

39.1. Con carácter xeral, o PTXAS visitante ao abeiro de acordos e programas de mobilidade terá durante o período da súa estadía na Universidade de Vigo os mesmos dereitos e obrigas que o PTXAS da Universidade de Vigo ten.

39.2. A aceptación dun membro do PTXAS internacional para realizar unha estadía na Universidade de Vigo ao abeiro dun programa de mobilidade non suporá, baixo ningún concepto, o recoñecemento de ningún tipo de relación laboral entre a persoa visitante e a Universidade de Vigo nin o recoñecemento de dereitos laborais de ningún tipo.

39.3. O PTXAS internacional deberá dispor durante a súa estadía dun seguro sanitario, de accidentes e de responsabilidade civil axeitado ás actividades que se desenvolverán na Universidade de Vigo.

Artigo 40. Requisitos de admisión

40.1. O PTXAS internacional procedente de institucións doutros países que reúna

os requisitos establecidos nos programas ou nos convenios internacionais subscritos pola Universidade de Vigo e que acredite a autorización da institución de orixe, poderá realizar estadias de traballo temporais na Universidade de Vigo.

40.2. O PTXAS procedente de institucións doutros países cubrirá un formulario de rexistro deseñado para tales efectos e achegará a seguinte documentación:

- copia do pasaporte ou documento de identidade
- copia da tarxeta sanitaria europea e/ou seguro de saúde e das súas coberturas
- copia da nominación expedida pola universidade de orixe, de ser necesaria
- carta de invitación expedida polo responsable do servizo ou da unidade anfitrión da Universidade de Vigo, de ser necesaria
- programa de traballo ou acordo de mobilidade

40.3. Antes da súa chegada, a ORI expediralle ao PTXAS internacional un certificado de admisión ou preadmisión ou carta de aceptación na Universidade de Vigo, previa solicitude mediante o procedemento establecido a tal efecto. Unha vez na Universidade de Vigo, o PTXAS poderá solicitar á ORI o certificado de chegada en caso de necesitalo.

40.4. Con posterioridade á súa aceptación, o PTXAS internacional deberá cumprir co establecido nas bases da convocatoria do programa de intercambio correspondente.

40.5. Como norma xeral e agás que a convocatoria indique outra cousa, a persoa responsable do servizo ou da unidade antífritona será quen firme o certificado da estadia do PTXAS e remitirá unha copia á ORI.

Disposicións adicionais

Primeira

Facúltase a vicerreitoría con competencias en internacionalización para ditar as resolucións e as instrucións necesarias para desenvolver o presente regulamento, deseñar os documentos e procesos necesarios para o citado desenvolvemento e para a súa interpretación.

Segunda

Co fin de velar pola seguridade de calquera persoa da comunidade universitaria

saínte, sexa cal sexa a súa modalidade, a ORI trasladaralle á persoa interesada calquera información ou recomendación en materia de viaxe, de seguros ou xurídica da que teña coñecemento.

Disposicións derogatorias

Primeira

Queda derogada toda a normativa propia da Universidade de Vigo de igual ou menor rango a esta normativa que contradiga no establecido nela. Así mesmo, quedan derogadas todas as instrucións, as resolucións ou as circulares que contradigan este regulamento.

Disposición final

Este regulamento entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación tras a súa aprobación no consello de goberno.